



PLAN DE CONVIVENCIA

(Aprobado en Consello Escolar o 12 de xullo de 2019)

IES LAXEIRO. LALÍN

XUSTIFICACIÓN	4
1.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO: DIAGNOSE PREVIA	10
1.1.- Características do Centro e o seu contorno que contextualizan a intervención educativa.	10
1.2.- Situación actual da convivencia. Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia	12
1.3.-Estado das relación e da participación na vida do centro polos membros	12
1.4.-Conflictividade detectada	12
1.5.- Actuacións desenvolvidas en resposta a estas situacións	14
2. OBXECTIVOS DO PLAN	15
2.1. Obxectivos xerais	15
2.2.Obxectivos específicos	16
3.-DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA	16
3.1.- Actuacións:	16
3.1.1- Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.	16
3.1.2-Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa	29
3.1.3.- Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia	29
3.2.- Programas:	30
3.2.1-Programa de Tutoría entre iguais(T.E.I) para fomentar a convivencia escolar e previr o acoso no centro	30
3.2.2-Programa de Mediación escolar para resolución de conflitos.	31
4.-PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO	31
4.1.-Estratexias para a prevención do acoso escolar	31
5.-CONCRECIÓN DAS PERSOAS OU ÓRGANOS RESPONSABLES, DESTINATARIOS E PROCEDEMENTOS A SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN	35

6.-NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO E PROTOCOLO DE DETECCIÓN	44
6.1.-Normas Xerais	44
6.2.-Relacións persoais	44
6.3.-Detección	45
7.-CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIONS	45
7.1.-Conduas leves	46
7.2 Conduas gravemente perxudiciais	48
7.3. Correccións	49
7.3.1.-De condutas contrarias ás normas	52
7.3.2.- De condutas gravemente perxudiciais	53
7.3.3.- Persoal competente	55
7.3.4.- Recursos	56
8.-COMISIÓN DE CONVIVENCIA	57
8.1.-Funcionamento	57
8.2.-Composición	58
8.3.-Periodicidade das reunións	60
8.4.-Aula de convivencia e plan de actuación	60
8.4.1.- Criterios e condicións para atención do alumnado na aula de convivencia	60
8.4.2.-Funcionamento da aula de convivencia	61
8.4.3.- Procedemento de derivación á aula de convivencia	62
8.4.4.- Profesorado que atenderá a aula de convivencia	64
8.4.5.-Programación das actuacións do Dpto de orientación	64
8.4.6.-Horario, localización, instalacións e material didáctico	64
9.-MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, CON FAMILIAS E OUTROS ORGANISMOS DO ENTORNO	64
10.-ESTRATEGIAS PARA DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	66
11.-SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA	67
ANEXOS	71

XUSTIFICACIÓN

O Informe Delors á UNESCO indica que os pilares básicos dunha educación para o século XXI son aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a ser e aprender a vivir xuntos.

No artigo *“La educación en y para la convivencia positiva en España”*, Nélida Zaitegui indica que aprender a vivir xuntos, cos demais constitúe non so unha finalidade da educación, senon un dos principais retos da educación contemporánea. Entre as razóns que fan que esta aprendizaxe sexa imprescindible para configurar unha sociedade máis xusta, pacífica, solidaria e democrática, cita o pluralismo cultural, étnico, relixioso, lingüístico, ideolóxico, etc., que caracteriza a sociedade do século XXI así coma o incremento da violencia e a forte tendencia ao individualismo que hoxe parece xeralizarse.

Autores como Jares, Torrego, Díaz-Aguado, Ortega... nos anos noventa inician os traballos de convivencia escolar. Máis próximo aos nosos días, Pedro Uruñuela sinala que *“a Convivencia Positiva é aquela que se constrúe día a día co establecemento dunhas relacións consigo mesmo, cos demais e co entorno (organismos, asociacións, entides, institucións...) fundamentadas na dignidade humana, na paz positiva e nos respecto aos DDHH”*.

En Galicia, a Lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa parte da convicción de que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición de alumnado e familias.

O Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro desenvolve a lei anterior e define a convivencia escolar como a *“capacidade que teñen as persoas de vivir con outros nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten enfoque formativo, pois é unha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais, e tamén é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa”*.

No centro entendemos por convivencia a arte de vivir en paz e harmonía coas persoas e o medio que nos rodea, baseado no exercicio da liberdade, da responsabilidade e do respecto á diferenza, aceptando a existencia do conflito e encarándoo de maneira positiva.

Educar para a convivencia supón promover a cultura de paz difundindo valores e hábitos de convivencia democrática, que inclúen a participación, o diálogo e a corresponsabilidade entre os diferentes integrantes da comunidade educativa. Ademais debe primar a adquisición de habilidades sociais e estratexias que faciliten a convivencia e aprender a afrontar conflitos de forma construtiva, minimizando as consecuencias negativas e evitando que se prolonguen no tempo. Isto inclúe darlle un pulo a varias competencias clave: aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), comunicación lingüística (CCL), competencia dixital (CD) especialmente no uso axeitado de redes sociais.

Pídeselle á escola que se transforme nun espazo de convivencia exemplar, cun funcionamento democrático e participativo, sen esquecer a coherencia que debe existir entre a natureza do coñecemento e os procesos de interacción que permiten acceder a el. Díaz-Aguado sintetiza o que é fundamental para mellorar a convivencia escolar:

- ✓ Adaptar o proceso educativo á conxuntura social e cambiante, incrementado a implicación do alumnado na súa aprendizaxe e impulsando unha democracia participativa da que emanen as normas de convivencia.
- ✓ Mellorar a eficacia educativa na loita contra a exclusión
- ✓ Impulsar valores sociais e democráticos na convivencia diaria e nos roles do alumnado, buscando coherencia entre o que se ensina e o que se experimenta e vive.

Ademais da consideración da diversidade coma un valor, debe adaptarse a metodoloxía, favorecer procesos de interacción educativo e enfatizar comunicación, diálogo, cooperación, experiencias positivas na resolución de conflitos, empoderamento e democracia participativa nos centros educativos.

Tendo en conta o anterior o presente Plan nace con vocación de potenciar as boas relacións interpersoais entre todos os compoñentes da comunidade educativa do IES Laxeiro. O decreto anterior define o plan de convivencia coma *“o documento no que se artella a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, obxectivos específicos a acadar, normas que a regula e actuación a realizar para acadar os obxectivos”*. **No artigo 11 indícase que dito plan (incluído no PEC) integrará o principio de igualdade entre homes e mulleres e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e actuación preventivas, reeducadoras e correctoras.**

Este plan suporá unha reflexión conxunta sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo, como é ensinar a convivir e ser persoa, desenvolvendo para isto competencias sociais e cívicas. Será un documento realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro, buscando o maior consenso posible e participación da comunidade educativa. Será elaborado pola comisión de convivencia ou, se non estivese constituída, polo equipo directivo e será aprobado polo consello escolar (art. 10.1, sección 1ª, cap. II do Decreto 8/2015). **O Plan de convivencia ten carácter plurianual e de permanencia na súa estrutura aínda que poden realizarse concrecións anuais que reflectan e respondan ás necesidades que se poidan producir no centro, cada curso.**

Sendo conscientes de que existen, en maior ou menor grao, agresións físicas e/ou psicolóxicas entre compañeiros, que poden aparecer actitudes de rexeitamento, racismo, xenofobia, que a disrupción na aula entorpece o proceso de ensino-aprendizaxe, que a convivir tamén se aprende... abórdase o Plan de Convivencia, non só para cubrir un requisito legal, senón como un referente útil que sirva para a formación integral do alumnado, para crear un clima idóneo nas aulas e demais espazos do Centro, para mellorar a calidade da educación e para impulsar actitudes responsables e respectuosas entre todos os integrantes da comunidade educativa.

O Consello Escolar de Galicia en setembro do 2015, aprobou a estratexias “educonvives.gal” no que se facilitan guías, protocolos... para accións básicas nos centro, e entre elas unhas orientacións para a elaboración do Plan de Convivencia.

FASES DA ELABORACIÓN		REFERENTES OU INSTRUMENTOS QUE HAI QUE UTILIZAR
1.Sensibilización	1.1. Creación da comisión de convivencia que será a encargada do traballo e divulgación deste entre a comunidade educativa. 1.2. Sensibilización sobre a necesidade de promover unha convivencia positiva. "QUE" E "POR QUE" DO PLAN	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Constitución da comisión de convivencia ✓ Campaña de sensibilización. ✓ Reunións explicativas con distintos sectores da comunidade educativa: ciclos, departamentos, titorías co alumnado, ANPA... ✓ Cuestionario de convivencia masivo
2.-Diagnóstico	2.1. Diagnóstico da situación en todos os ámbitos de relevancia para a convivencia. Analizar a realidade, aspectos que funcionan, dificultades e causas profundas.	
	2.2. Características do centro e do seu contorno. "QUE" E "COMO" SOMOS	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Proxecto educativo do centro.
	2.3. Análise da realidade do centro en materia de convivencia e clima escolar. COMO ESTAMOS	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Modelos de rexistro para a análise da realidade do centro en materia de convivencia e clima escolar. ✓ Cuestionarios para a avaliación da convivencia nos centros educativos. ✓ Entrevistas, enquisa, outros.
	2.4. Análise das medidas e actuacións actuais. QUE FACEMOS	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Normas de organización e funcionamento envigor. ✓ Informes, avaliacións e memorias dos plans do centro que incidan na convivencia escolar. ✓ Contribucións da comunidade escolar. ✓ Análise de accións que xa se realizan no centro en cada ámbito xeral de mellora da convivencia.
3.-Concreción do plan	3.1. Definición dos obxectivos do plan e do modelo de convivencia. QUE QUEREMOS	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Valoración das contribucións dos distintos sectores da comunidade escolar. ✓ Priorización das necesidades e obxectivos. ✓ Concrecións anuais destes.
	3.2. Rexistro das medidas do plan xa existentes e das novas estratexias de actuación. COMO O FAREMOS	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Propostas de estratexias e actuacións que hai que desenvolver en materia de convivencia escolar.
	3.3. Detección de necesidades: recursos, protocolos etc. QUE NECESITAMOS	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Determinar recursos materiais e formativos necesarios para o desenvolvemento das liñas de intervención.
	3.4. Planificación, secuenciación e desenvolvemento das actuacións. APLICAMOS	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Programa de intervención que aborde a construción dunha convivencia positiva, a prevención dos conflitos e a abordaxe destes. ✓ Resposta ás necesidades prioritarias e plan de formación cando se requira.
4.-Seguimento e avaliación do plan	4.2. Avaliación cuantitativa e cualitativa do desenvolvemento do plan: revisión, propostas de mellora e continuidade. REVISAMOS E PROPOÑEMOS MELLORAS	

O PEC recolle o ideario do centro no que se pretende conseguir un modelo educativo democrático, en oposición á desigualdade, coeducativo, laico, potenciador de valores como a paz, o respecto ó medio e integrado na súa realidade sociocultural.

No ámbito pedagóxico queremos potenciar actitudes positivas que capaciten ao alumnado para integrarse na sociedade de maneira que poidan realizarse como cidadáns críticos e responsables, potenciando os seguintes valores:

- COMPROMISO e SOLIDARIEDADE
- RESPONSABILIDADE
- COÑECEMENTO E ESTIMA DOS VALORES CULTURAIIS PROPIOS
- ECOLOXIA E MEDIO AMBIENTE
- LIBERDADE
- TOLERANCIA
- PARTICIPACIÓN

Polo que se refire á coeducación, cremos nunha educación para a igualdade, indiscriminada por razón de sexo. Rexeitaremos condutas que incidan nos roles tradicionais de home/muller, empregando unha metodoloxía didáctica que proporcione ao noso alumnado imaxes diversificadoras e non convencionais dun e outro sexo.

O I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia (2016-2020), dirixido á toda a comunidade educativa, busca que a actividade educativa esta dirixida de xeito transversal a contribuír á construción dunha sociedade na que a igualdade real de xénero sexa unha realidade (no centro xa se toman medidas que se detallan máis adiante, con relación a este plan). Neste mesmo plan se detalla que a consellaría competente en materia de educación, en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de país e nais (específicos para a igualdade: coñecemento da realidade LGTBI, diversidade afectivo-sexual, integración da perspectiva de xénero, fomento da corresponsabilidade.

É importante contar coa implicación dos principais destinatarios deste documento (**alumnado**, familias, profesores e persoal de administración e servizos do IES Laxeiro) para a súa confección, aprobación e posterior aplicación e revisión periódica. Concretamente podemos indicar as funcións para os seguintes órganos:

1. Claustro de profesores:

a) Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

b) Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.

c) Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

2. Equipo directivo:

a) Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída.

b) Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

3. A dirección:

a) Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.

b) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.

c) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

4. Xefatura de estudos:

a) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.

b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade do centro.

c) Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.

d) Organizar a atención educativa do alumnado a que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

5. Órganos de coordinación docente: serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.

6. Comisión de Coordinación Pedagóxica: recollerá as medidas e os acordos dos órganos de coordinación docentes para incluílos nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.

1.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO: DIAGNOSE PREVIA

A educación demanda un ambiente de traballo ordenado, coherente e coordinado e o esforzo intelixente de todos. Este clima precisa de valores e o respecto de normas consensuadas por todos.

A convivencia no Centro estará rexida polos seguintes valores: a xustiza, a liberdade, a igualdade, a solidariedade, o respecto, a tolerancia, a autonomía, a acordo co indicado no D. 8/2015 de Convivencia e o Regulamento de Réxime Interno son documentos compatibles e complementarios; o Plan de Convivencia será a referencia inmediata con carácter preventivo. O NOFC é a norma de carácter superior con marcado carácter corrector; inclúe no capítulo IV o referido á convivencia no centro.

1.1.- Características do Centro e o seu contorno que contextualizan a intervención educativa.

O IES Laxeiro é un centro público de Ensino Secundario, Bacharelato e Ciclos Medios e Superiores. Imparte tamén a ESA e Bacharelato de Adultos en horario vespertino. Hai arredor uns 700 alumnos/as, 76 profesores/as, 2 administrativas, 3 conserxes, 4 limpadoras máis 2 persoas atendendo a cafetería. Existe unha ANPA no centro que colabora no banco de libros do centro, e que forma parte da comisión económica, comisión de convivencia e consello escolar.

O Centro data de 1954. Presenta carencias de espazo físico. Está rodeado por rúas de intenso tráfico urbano e iso implica ruídos e distraccións que afectan directamente ao traballo da aula. No PEC recóllese información máis pormenorizada do contexto xeográfico, histórico, socioeconómico, cultural, e da identidade do centro.

O centro inclúe entre as súas instalacións:

-Aulas

Dúas zonas de aulas dividen o Centro, unha á dereita da entrada principal, e outra zona á esquerda da mesma. Ámbalas dúas son edificacións de dúas plantas.

-Laboratorios

Para facer as correspondentes prácticas das materias de Física-Química, Ciencias e Bioloxía, dispomos de dous Laboratorios.

-Aulas Específicas e talleres

Para aquelas materias que necesitan equipamento especial como son Informática, Automoción, Electricidade, Tecnoloxía, Plástica e Música dispoñemos de aulas, talleres e outros espazos adaptados.

-Oficinas

Para o labor administrativo, no Instituto dispoñemos dunha Secretaría, Despacho de Dirección, **2 Despachos de Xefatura de Estudos, un despacho de vicedirección, un despacho de secretaria de centro** e Departamento de Orientación.

-Outras Instalacións

Contamos ademais cunha Sa de Profesores, unha Biblioteca, un Salón de Actos, un Ximnasio, Conserxería e **dúas** Salas de atención a familias.

No curso 2017-18 houbo unha remodelación e ampliación do centro, que continúa no 2018-19.

O alumnado procede maiormente do medio rural, do casco urbano de Lalín e puntualmente de concellos colindantes. Tamén temos alumnado inmigrante que procede principalmente da América hispana, Marrocos, países do leste de Europa, Brasil e Portugal. Desta diversidade poden nacer pequenos conflitos que, polo de agora, xulgamos pouco significativos. De todos os xeitos, consideramos que para previr racismo, xenofobia e outras forma de intolerancia, debemos construír espazos inclusivos de convivencia intercultural, presididos por valores democráticos e coa participación de toda a comunidade.

1.2.- Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia

Establecidos os horarios de docencia, tamén se contemplan: gardas de clase, de recreo (tanto nos patios, entradas e ximnasio, coma nos distintos edificios), gardas de entrada e saída e de transporte.

Os luns hai comedor, que require de transporte escolar pois ubícase noutro centro educativo, e tamén hai gardas de acompañamento no transporte e durante a comida (ver anexos).

1.3.-Estado das relación e da participación na vida do centro polos membros

As relacións entre os membros da comunidade escolar son boas e a comunicación fluída, establecéndose polas canles formais (preceptivas reunións de Consello Escolar, claustro de profesores, Xunta de Delegados, ANPA, ...) e informais (día a día do centro). Todos están representados e son oídos (profesorado, alumnado, failias, persoal de administración e servizos...), e establécense protocolos de comunicación e coordinación con outras institucións do entorno para accións que melloren a convivencia e atendan ás necesidades e diversidade dentro das súas competencias (concello, consellerías varias, ONG, servizos asistenciais e sociais...).

1.4.-Conflictividade detectada

No curso 2007-2008 fixérase unha diagnose inicial e para o presente plan de convivencia aplicáronse enquisas on line a familias, docentes e alumnado (ver anexos). Dende xefatura de estudos na actualidade valórase que o clima de convivencia no Centro é bo. Non se observan serios problemas, pero si condutas disruptivas por parte dalgúns alumnos na ESO e na Formación Profesional Básica. Esta conflitividade vai desaparecendo nas etapas posteriores (Bacharelato e Ciclos Formativos Medios e Superiores).

- **Faltas Leves**

A maioría das condutas que sancionan no Laxeiro pódense encadrar dentro das faltas leves. Estas condutas son debidas, na súa maior parte, a alumnado que non ten motivación ou interese polos estudos e, como consecuencia, non cumpre coas normas

de clase, co que interrompen e molestan continuamente tanto ao **profesorado** como aos seus compañeiros.

Como xa se indicou antes, as condutas disruptivas céntranse na ESO e na FP Básica. **No actual curso 2017-18 sancionáronse 30 faltas leves, das que un 20% foron na ESO (principalmente nos 3 primeiros cursos) e un 80% na FP Básica.** A diferenza é que na ESO, onde temos case 300 alumnos, os partes de incidencia céntranse nunha porcentaxe moi pequena do alumnado, **existindo casos de 1 parte o mesmo alumno, mentres que na FP Básica case un 10% do alumnado ten faltas de conduta.**

Destacar este curso a conflitividade que existe nun grupo concreto de formación profesional, en concreto no 1º curso do Ciclo medio de instalacións eléctricas e automáticas, onde hai un número de 18 partes de conduta (algo inusual nesta etapa educativa) e xa se abriron dous expedientes, dos que se tratará máis adiante no informe. Trátase dun grupo cun alumnado que presenta casos cunha problemática social variada que traslada ao centro.

No bacharelato os partes de incidencia **abertos son casos puntuais (4 en total)** e todos polo uso do móbil na aula. Trátase dunha etapa na que o alumnado que a cursa xa pasou varias cribas polo que as condutas disruptivas son escasas. Ademais, o alumnado que perde o interese moitas veces deixa de asistir ás clases, co que se converte noutro tipo de problemática.

As faltas leves sanciónanse normalmente cunha amoestación verbal por parte do profesor ou do titor/a, unha reunión do xefe de estudos coa familia ou tutores para tratar o comportamento do alumno, ou ben cunha expulsión da aula ou deixar ao alumno sen recreo. **Destacar que por reiteración de faltas leves houbo que sancionar a 3 alumnos, cunha expulsión do centro por un período de tres días lectivos.**

- **Faltas Graves**

Moi raramente se instrúen expedientes disciplinarios. Na anterior revisión do plan de convivencia só se abrirán 3. No ensino de adultos os conflitos debido a condutas

en contra das normas do centro son practicamente inexistentes. Nos anexos finais está o resume dos resultados das últimas enquisas de convivencia aplicadas a familias, alumnado e profesorado.

1.5.-Actuacións desenvolvidas en resposta do Centro a estas situacións.

Actualmente e en relación ao alumnado do centro:

- ✓ Están abertas as vías de diálogo e participación do alumnado mediante as canles establecidas pola **Normas de Organización e Funcionamento de centro (NOFC)**.
- ✓ Hai xornadas de carácter lúdico e de convivencia que cohesionan a toda a comunidade ao redor de datas concretas: acollida inicial de convivencia co alumnado de 1º ESO (tal e como recolle o punto 3.2. b do Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia), Magosto, Nadal, **Entroido**, Letras Galegas e fin de curso. **Tamén hai actividades de concienciación social en efemérides como o Día contra a violencia machista, Día de loita contra VIH, Día da Muller Traballadora...**
- ✓ Ao longo do curso prepáranse actividades extraescolares: viaxes, saídas didácticas, deportivas...
- ✓ Así mesmo, desenvólvense charlas, obradoiros e actividades de sensibilización diante de diferentes problemáticas orientadas á integración social e educativa ao longo da ESO. Mantemos colaboración con diversas entidades que facilitan material e profesionais de temáticas variadas (afectividade, autoestima, convivencia, igualdade, habilidades sociais e comunicativas básicas...) como son o Quérote+, Asamblea de Cooperación pola Paz, Servizo de Igualdade do concello de Lalín, Seminario Galego pola Paz...

Dirixidas a paliar as dificultades académicas que poden ser fonte de disrupción ou doutros conflitos están abertas as seguintes **medidas**:

- Medidas de apoio (**plan de atención a repetidores, con materias pendentes, PROA, contratos-programa de mellora das competencias clave...**)

-Atención específica de especialista en Pedagogía Terapéutica: **apoio educativo** e adaptacións curriculares (**dentro da clase aula**).

-Contratos-programa: mellora da convivencia e fomento da igualdade, mellora dos niveis de coñecementos para acadar a excelencia.

- Programas de Mellora da Aprendizaxe e Reforzo (inicio no 2016-17)

- Formación Profesional Básica

2. OBXECTIVOS DO PLAN.

2.1. Obxectivos xerais.

a) Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que permita o cumprimento dos fins da educación.

b) Fomentar a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia no logro dun clima de convivencia positivo no Centro, sobre procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos.

d) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

e) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

f) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.

g) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

h) Axudar **ao alumnado** a formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmos, das súas características, posibilidades e limitacións.

- i) Fomentar a colaboración entre o Centro, a familia e outras institucións, nun clima de confianza e respecto. Implica tamén corresponsabilizar a familias e titore/as no mantemento da convivencia.
- k) Previr as condutas problemáticas contando con mecanismos de detección e empregar estratexias de seguemento e corrección.
- l) Previr, detectar e tratar o acoso entre iguais, seguindo o Protocolo xeral de acoso escolar e ciberacoso de Galicia (xuño 2013).
- m) Promover a resolución pacífica e positiva de conflitos (conciliación, mediación), posibilitar medidas educativas que abran á reflexión dos implicados/os e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas para a mellorar da convivencia.

2.2. Obxectivos específicos

- a) Fomentar o uso do diálogo e da escoita activa.
- b) Poñer en práctica a aprendizaxe cooperativa.
- c) Afrontar a agresividade (**verbal, física, estrutural...**) gratuíta de forma inmediata e buscar alternativas positivas.
- d) Afrontar positivamente o conflito, tomándoo como unha oportunidade para aprender e mellorar as capacidades persoais e sociais.
- e) Desenvolver habilidades comunicativas e sociais como recurso fronte a situacións de exclusión, ameazas, submisión...
- f) Conseguir un clima de aula positivo para favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe, reducindo ao máximo as condutas disruptivas.
- g) Previr e resolver os comportamentos disruptivos prestando especial atención á diversidade.

3.-DESCRINCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

3.1.- ACTUACIÓNS:

3.1.1-Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.

-Organización do centro e aula

- Poñer en marcha o consenso sobre as normas básicas de convivencia no centro, traballando por aulas e niveis, **dende o mes de setembro. Entre esas normas procurar que haxa alternativas ás sancións.**
- Impulsar a resolución pacífica de conflitos, a través de conciliación, mediación, compromisos de convivencia, **consello de aula...tentando aproximarnos ás 3R (reparación dos danos, reconciliación das parte e reconstrucción da relación afectada)**
- **Organizar o centro de forma respectuosa coa diversidade e aceptación desta coma un valor positivo, fomentando a inclusión.**
- Medidas de carácter organizativo para a vixancia dos espazos e tempos considerados de risco (recreos, entradas e saídas do centro, cambios de clase...) para **garantir un centro seguro para todo o alumnado**
- Incluímos ao final deste punto, unha serie de actividades que se desenvolverán a través do Plan de Acción Titorial ao final deste punto e que inclúen medidas para promover a convivencia no centro, fomento do diálogo, corresponsabilidade, **fomento da intelixencia inter e intrapersonal** e cultura de paz.
- **Plan de éxito escolar**

-Coordinación das actuacións docentes

O equipo docente será informado tanto do presente plan coma das actividades anuais que se realicen para fomentar a convivencia (dende acollida de alumnado, obradoiros, accións dente orientación, actividades extraescolares...) mediante taboleiro de actividades e notificacións do SIXA nos seus horarios. Sempre se fomentará a súa participación, especialmente a do equipo de titores/as, para que continúen con esta dinamización durante o curso.

-Programación e desenvolvemento curricular

Os diferentes dptos. didácticos poden incluír nas súas programacións, actividades que fomenten o desenvolvemento da convivencia no centro: nos materiais didácticos empregados, na temática de efemérides e no día a día, coa metodoloxía ...

Transversalmente os docentes poden incorporar nas clases temas como a igualdade efectiva entre sexos, a prevención da violencia de xénero ou contra as persoas con

discapacidade, os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o rexeitamento de todo tipo de violencia, a pluralidade, a educación e seguridade viaria e a educación para o consumo (todos eles cun forte compoñente actitudinal). Os contidos transversais cos que se traballará en todos os cursos estarán adaptados ao nivel e madurez do alumnado. (Ver anexos)

Tamén se tenta incluír nas programacións dos diferentes departamentos, para desenvolver ao longo do curso, a realización dalgún traballo cooperativo entre o alumnado.

En 2º ESO desenvólvese dende o curso 2017-18 a materia de Igualdade de xénero. Asemade desenvólvese o programa de mediación escolar, e 1º e 3º ESO contan co programa TEI (teñen coincidencia de horario en titorías para actividades de cohesión grupal).

-Estratexias metodolóxicas

Buscarase unha metodoloxía activa e contextualizada, facilitando a aprendizaxe por proxectos ou baseada en problemas para favorecer a implicación, a experimentación, a aprendizaxe funcional. Isto axudará ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo a reflexión crítica, a elaboración/xeración de alternativas de resolución de problemas, a aplicación das súas habilidades e a asunción de responsabilidade nas súas accións, que redundarán na súa integración no centro e na interacción apropiada cos membros da comunidade (coa súa diversidade).

Un recurso metodolóxico que pode facer máis doado o intercambio de experiencias e a cooperación entre alumnos/as é o traballo en grupo, que constitúe non só un medio, senón un fin en si mesmo nunha sociedade cooperativa.

Os métodos deben partir da perspectiva do docente como orientador/a, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado, ademais debe enfocarse á realización de tarefas ou situación-problema plantexadas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo uso dos coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

-Avaliación do progreso do **alumnado e da práctica docente**

As programacións deben recoller este aspecto avaliador. En todo caso dende o dpto de orientación axúdase nas actividades relacionadas coa convivencia e faise unha valoración das mesmas incluíndo aspectos como:

- a) detección previa de necesidades e implementación das diferentes actividades: axuste de obxectivos, contidos, estratexias, recursos, tempos, materiais...
- b) Resultados: o grao de satisfacción dos implicados, dificultades atopadas (carencia de medios, estratexias e técnicas inadecuados), grao de participación, novidade das propostas, suxerencias, puntos fortes e débiles...

Os instrumentos empregados para recoller estas avaliacións serán variados: dende as reunións periódicas con titores, enquisas ó alumnado/docentes/familia/outras institucións colaboradoras, valoración das opinións dos equipos directivos e departamentos didácticos respecto das actividades desenvolvidas, a consulta colaborativa, escalas estimativas, **anotacións, informes da comisión de convivencia e consello escolar, entrevistas, memoria final, reproducións e traballos realizados...**

Cabe sinalar que na medida do posible, procurárase dar resposta a necesidades que vaian xurdindo ó longo do curso e dar cabida ás novas propostas, polo cal os plans de intervención procuraremos que sexan dinámicos e flexibles.

-Actividades complementarias e extraescolares

- Actividades formativas sobre convivencia e resolución de conflitos para todos: **alumnado**, familias, persoal non docente e moi especialmente **o profesorado**.
- Obradoiros/sesións nas que se traballen as habilidades sociais na ESO e nos primeiros anos dos ciclos medios (xa que tamén aquí chegan alumnos doutros centros).
- Continuar a colaborar con diferentes organismos e entidades que teñan entre os seus fins a prevención e resolución de conflitos, así como a potenciación e mellora da convivencia escolar.

- O dpto. de orientación ten elaborado un programa de habilidades e competencias sociais para o alumnado, que complementa as medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia (ver anexos).
- Dentro das actividades de tutorías do PAT, o dpto. de orientación inclúe, para a ESO e FP Básica, actividades e obradoiros relacionados coa mellora de autoestima e autoconceito, educación afectivo-sexual, igualdade, dinámica de grupos, **motivación...**
- Tamén está en fase de elaboración un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro (aula de convivencia).
- Os dpto. didácticos incluírán nas súas programacións actividades neste sentido: por exemplo o de galego traballa dende hai anos na prevención de violencia de xénero con actividades o 25 de novembro, o de filosofía emprega a visita ao Parlamento de Galicia, xulgados, concello de Lalín, fanse videoforums, exposicións e charlas didácticas como actividades para que o alumnado trate temáticas de diversidade cultural, a cidadanía democrática e responsable e a idea de igualdade.
- **a biblioteca escolar inaugurou o vestíbulo da igualdade, con material específico de xénero, levando a cabo diversas actividades (clube de lectura feminista, acción variadas dentro da materia de 2º ESO de Igualdade de xénero, efemérides, accións en cooperación coa oficina de igualdade do concello...).**

-Medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir:

- compromisos de convivencia. O PEC establecerá o procedemento para suscribir compromisos educativos e de convivencia coas familias, nos que ambas partes manifiestan a súa disposición a cooperar para estimular e apoiar o proceso educativo do alumno/a, buscando obxectivos como:

- Coñecer, compartir e facilitar o logro de obxectivos educativos adecuados ao alumno/a.

- Comunicarse de xeito habitual e positiva sobre progreso e desenvolvemento persoal do alumno/a.

- Mellorar o comportamento o alumno/a e a aceptación das normas de convivencia .
- Mellorar a actitude cara as persoas da comunidade educativa e relacionarse de forma respectuosa e colaborativa.
- Mellorar a integración escolar do alumno/a en el centro.

Neste compromiso debe figurar de forma clara e detallada a que se compromete o alumno/a ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro (ver modelo en anexos).

-actuacións preventivas e que contribúan á detección da conflitividade e a conciliación ou mediación na resolución dos conflitos: incluimos actividades para a sensibilización fronte ao acoso e intimidación entre iguais, sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres, prevención de racismo e intolerancia.

Uns dos recursos de referencia que usaremos será o blog “convivesenlaescuela.blogspot.com.es”

Dentro do Plan de Acción Titorial

1ª ACTIVIDADE: Xornada de acollida para os alumnos de 1º da E.S.O.

Finalidade: actividade de acollida para o alumnado que se matricula no centro por primeira vez e para ás familias, con actividades que faciliten o coñecemento do espazo físico e tamén das normas de convivencia xerais do centro e particulares da aula, especificando dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas preventivas, correctoras e, se é o caso, disciplinarias que se aplicarían.

Responsables: Equipo Directivo, titores, orientadora.

Temporalización: coñecemento do Centro no mes de maio acompañados por titores de 6º EP. En setembro recibimento por parte do equipo directivo e titores do alumnado e

as súas familias, con información xeral do funcionamento e distribución dos grupos, así como toma de contacto inicial de alumnos de diferentes centros que compartirán aula no IES.

Recursos: normas de convivencia básica do Centro, materias e distribución horaria da ESO.

Espazo físico: salón de actos do Centro, unha clase-aula e outros espazos do centro (aula de plástica, ximnasio, aula de informática, biblioteca, laboratorio de ciencias naturais, aula de música...).

2ª ACTIVIDADE: Xornada de convivencia para alumnado de 1º ESO.

O obxectivo da actividade, encadrada dentro do Programa TEI , consistirá en compartir unha xornada de convivencia entre o alumnado de 1º ESO e o de 3º ESO coa finalidade de establecer relacións entre titorizados e titores de cara a un mellor coñecemento entre eles e dese xeito establecer canles de comunicación para as situacións que se poidan dar ao longo do curso.

Participantes: Alumnado de 1º ESO (Titorizados) e 3º ESO (Titores)

Responsables: Coordinador TEI, **titore/as**, profesorado acompañante.

Temporalización: no primeiro mes do curso (Un luns completo, maña e tarde).

Recursos: Xogos tradicionais, programa de visitas e xantar na carballeira

Espazo físico: espazo natural ao aire libre (carballeira....).

3ª ACTIVIDADE: Obradoiros variados dentro das titorías e por cada curso.

Grupos	1º-2º ESO			3º-4º ESO		
	1º	2º	3º	1º	2º	3º
Trimestre						
Acollida e convivencia no centro: coñozo e coñécenme, os dereitos e deberes, elección de delegado/a	•			•		
Concello de Lalín: obradoiro preventivo sobre drogas		•				
Aproveitando o meu tempo de traballo (TE,TTI)	•			•		
Día das mulleres/día do consumo responsable		•			•	
Obradoiro de convivencia e resolución de conflitos (teatro-forum)	•			•		
Uso responsable das TIC: Pantallas Amigas					•	
Educación en e para a saúde (sexualidade-afectividade, imaxe corporal, racismo e xenofobia, alimentación sá, condutas adictivas,,): A cerca de ti, Quérote + e Cruz Vermella		•				•
Charlas do Plan Director de convivencia (temáticas variadas)		•				
Clases sen fume	•	•				
Mediación escolar/Titoría entre iguais	•	•	•	•	•	•

Violencia de xénero, igualdade e estereotipos (Servizo Igualdade)/Día contra a violencia de xénero	•			•		
Diversidade afectivo sexual					•	

En tódolos cursos é de interés realizar actividades coma xogos de comunicación (os cadrados, crucigramas numéricos en parella, quebracabezas e debuxos guiados...), de presentación (cesta de froitas, rompexeos, escudo de presentación, pasa a pelota, a arañeira, busca en equipos...), de relaxación e distensión (o tren tolo, control da respiración, mandalas cooperativos, o tazón de caldo...), de tomas de decisión (misión a lúa, naufraxio...), celebracións multiculturais (hai alumnado procedente do extranxeiro, de diferentes relixións...e pódese usar a celebración dunha festa popular como fío para mellora da empatía), traballos con viñetas e historietas para romper estereotipos e prexuízos (Mafalda, bichero, Tonucci...), elaboración participativa de normas de clase e acordos de convivencia, tests sociométricos... o dpto de orientación ten material para poder levar a cabo actividades variadas.

Específicamente realízase un obradoiro de 12 horas para FPB para fomentar a motivación e autoestima, dotalos de ferramentos para xestionar conflitos, mellora de habilidades comunicativas (financiado por Deputación de Pontevedra e impartido por educadora social, psicopedagoga e coach experta en educación e intelixencia emocional).

Responsables e recursos: os titores recibirán información sobre os obradoiros, pero procurarase que sexan entidades e persoas especialistas os que impartan as charlas. Para iso levaranse a cabo colaboracións con organismos como Cruz Vermella, CIM, Quérote+, Seminario Galego de Educación para a Paz, Consello da Xuventude de Galicia, ACPP, Xulgados de Lalín, forzas de seguridade do Concello, ACPP, Oficina de Igualdade...

Temporalización: ao longo dos tres trimestres.

Espazo físico: a propia aula, salón de actos.

4º ACTIVIDADE: Dinamización e funcionamento da Asemblea de Delegados de Aula.

Preténdese motivar e mobilizar ao alumnado para espertar neles a idea de traballar cooperativamente, responsabilizalos como futuros cidadáns na toma de

decisións que afecten á convivencia, que funcionen como canalizadores de suxestións, queixas, melloras, problemáticas diarias e que participen na xeración de posibles solucións.

Para iso nas titorías falarase da función dos delegados, forma de elección, características e traballo que deben realizar como representantes dos compañeiros/as, así coma pautas de xuntanza, recollida de acordos, tema/s do día, orde de asistencia, secretario...

Esta asemblea nomeará un representante para participar na revisión e avaliación das suxestións e queixas que aparezan no buzón da convivencia.

Responsables: equipo directivo, orientación e titores.

Temporalización: elección de delegados ao longo do primeiro mes de clase así coma un calendario ao longo do curso académico para dinamizar e fomentar estas reunións colexiadas.

Recursos: material bibliográfico e charlas informativas por curso a cargo de membros do Equipo Directivo, Orientadora e procurando a participación de algún ex-delegado/a.

Espazo físico: a propia aula para as charlas informativas iniciais, e para as reunións da Asemblea de Delegados empregárase o salón de actos e xestionárase un calendario e horario de xuntanzas por curso académico. Para darlle rigor e potencialas como entidade funcional, un docente (Xefe de Estudos, Vicedirector, Orientadora...) participará como coordinador ou dinamizador en parte da sesión. Os docentes poderán rotar tendo en conta os temas da orde do día (actividades de convivencia, saídas didácticas...).

5ª ACTIVIDADE: Cine-fórum.

Cada trimestre traballarase co alumnado de 3º e 4º ESO unha temática de interese desde o punto de vista da convivencia, a través dunha película. Facilitaranse unidades didácticas sinxelas para fomentar a reflexión e inducir á participación do alumnado no debate dos temas. Entre os problemas detectados no curso pasado, destacamos os relacionados con: linguaxe soez, violencia entre iguais, falta de compañeirismo e solidariedade, aceptación da diversidade, xustiza, resolución de conflitos, tolerancia e respecto...

Temporalización: unha película trimestral (**pódese empregar tamén dentro do TEI**).

Recursos: material audiovisual da propia aula e película relacionada coa temática a tratar. Algúns exemplos de filmes: *Cobardes*, *Cuenta conmigo*, *El sueño de Jimmy Grimble*, *Billy Elliot*, *Rebelión en las aulas*, *Evil*, *Quiero ser como Beckham*, *Romeo y Julieta*... (fragmentos das películas) e tamén documentais sen problemas cos dereitos de autor.

Responsables: titores de aula e suxestións da Comisión de Convivencia.

6ª ACTIVIDADE: dinamización e funcionamento dos equipos docentes

O obxectivo é regularizar as reunións dos equipos docentes para tratar especificamente os problemas de convivencia e disrupción, para consensuar normas básicas de actuación cara o alumnado e evitar incoherencias e/ou distorsións á hora de decidir como atallar e reconducir condutas contrarias á convivencia do grupo.

Responsables: Equipo Directivo, Orientación e titores.

Temporalización: como mínimo unha reunión ordinaria trimestral, transcorrido o primeiro mes do trimestre.

Recursos: **NOFC**, Plan de Convivencia e material psicopedagóxico específico para aspectos disruptivos.

7ª ACTIVIDADE: dinamización do buzón da convivencia

A través da Xunta de Delegados e desde inicio de curso, recordar e fomentar o uso do buzón de convivencia coma canle de comunicación entre distintos membros da comunidade educativa, que filtre queixas, suxestións... relacionadas coa convivencia e como termómetro que mida o seu estado. As suxestións poderán ser anónimas ou firmadas, pero sempre se garantirá a confidencialidade.

Situación: Un buzón en cada vestíbulo (pavillón A, pavillón B).

Responsables da dinamización: delegados, Comisión de Convivencia e titores.

Temporalización: ao longo de todo o curso.

Recursos: buzóns, taboleiro de anuncios, reunións de Xunta de Delegados e profesores.

REVISIÓN DE NOTAS: Tres profesores elixidos anualmente no Claustro de inicio de curso e coordinados polo Xefe de Estudos serán os encargados de revisar quincenalmente as notas que aparecen nos buzóns.

Actuarán como filtro e comisión para trasladar as suxestións a quen corresponda. De cada revisión redactarán unha nota na que se recollan as principais demandas e as saídas que se lles buscaron.

Esta nota expoñeráse quincenalmente nos taboleiros de alumnado e profesorado. A Comisión desestimarás aquelas suxestións que resulten ofensivas ou lesivas de calquera dereito das persoas.

8ª ACTIVIDADE: Club de lectura /debate.

Organizaranse debates sobre lecturas (artigos de revistas, prensa, capítulos de libros ou libros, novas na rede...) elixidas segundo a temática de interese en asuntos de convivencia, valores e autoconñemento. **O dpto de galego inclúe na súa programación lecturas que visibilicen o papel da muller na ciencia, nas artes, literatura... con exposicións orais e presentación de traballos por parte do alumnado.** . Esta actividade pode ser realizada dentro das propias titorías; tamén se abre a posibilidade de organizar puntualmente debates nos que participen todos os membros da comunidade educativa (**familias**, alumnado, docentes, persoal non docente) e no que se fará o debate, análise e posta en común das lecturas.

Especial fincapé na sección de clube de lectura feminista/da igualdade que conta con espacio propio

Recursos: Biblioteca do Centro, artigos de prensa, internet, vídeos.

Responsables: Dpto. de Filosofía, Dpto. de Orientación, **linguas, titora/es** e calquera docente que queira aportar material para o debate. A Orientadora levará un arquivo histórico do material que lle faciliten os docentes.

9ª ACTIVIDADE: mellora do ambiente físico do centro.

Trátase de que todo o alumnado, ben desde a aula, ben con actividades realizadas desde Departamentos Didácticos, contribúa a crear un ambiente grato e fomentar a responsabilidade na aula e no Centro, coidando todo o material e contribuindo á limpeza de todas as instalacións. Deste xeito pódense planificar accións encamiñadas a que o centro se convirta nun lugar agradable. **Actualmente o**

alumnado, coordinado polas profesoras de EPV, xa elaboraron un mural na cafetería do centro e tamén están realizando una intervención na biblioteca escolar.

Dado que contamos cun proxecto (Tunnel of time) dentro do programa Erasmus+, tamén se habilitou un panel informativo no que se colgan fotografías, traballos... realizados polo alumnado que participa no programa.

Para o curso 2018-19 tamén se plantexa unha actividade de arte urbana como ferramenta de cambio social, ante realidades que se perciban no centro (multiculturalidade, integración, illamento...).

Dirixida a: alumnado e docentes.

Colaboradores: **docentes de EPV.**

Temporalización: ao longo de todo o curso.

Recursos: material de reciclaxe, recursos de departamentos didácticos...

Exemplos de actividades enmarcadas nesta categoría:

- Incentivarase ao grupo-aula que ao longo do curso manteña con maior orde e limpeza a súa clase, cunha excursión gratuíta dun día ao final do curso.
- Habilitar un espazo de paso común para que os alumnos interesados na expresión plástica e musical, poidan ensaiar e ser vistos polos **compañeiro/as**. Buscarase un incentivo cultural para os alumnos participantes (entradas de cine, teatro...).

10ª ACTIVIDADE: Proposta de funcionamento do Consello de Aula

O Consello de Aula é o órgano de arbitraje da convivencia cotiá do grupo de clase. Decide, considerando as propostas de todo o grupo, as normas que rexen a vida do grupo e as medidas correctoras ou de conciliación nos casos de conflito. Estará presidido e coordinado polo titor e integrarano o Delegado ou Subdelegado do grupo (que se turnarán por meses) e catro alumnos que se turnarán, aleatoriamente, por meses. O procedemento para determinar esta representación será o sorteo, no que irán quedando, sucesivamente, excluídos os que xa formasen parte do Consello.

Tras a consideración dos casos de conflito no grupo, o Consello de Aula decidirá os termos da conciliación ou medidas correctoras. O Delegado ou Subdelegado actuarán de secretarios da reunión e recollerán nunha acta, supervisada polo titor, as decisións.

Unha das actividades primeiras e continuadas que ha de realizar o grupo na hora de

titoría é a fixación dalgunhas normas internas que deben rexer a vida do grupo, en cuxa determinación atenderase de modo específico aos problemas concretos que ese grupo pode ter na convivencia. Polo demais, o Consello de Aula só intervirá cando se produza algún incidente que sexa declarado caso de conflito polo titor. As decisións do Consello de Aula comunicaranse á Xefatura de Estudos.

11ª ACTIVIDADE: TEATRO-FORUM

Destinatarios: 1º ESO

Responsables: coordinado por orientación, co participación dos titores/as e impartido en cooperación coa ACPP establécense 3 temáticas (convivencia e resolución de conflitos, violencia de xénero, abuso de tics), escollendo unha. As monitoras fan un role-playing no que se expón a temática elexida e despois do visionado, o alumnado reflexiona, opina, propón novas formas de actuar... sobre o visto, as consecuencias e a busca dunha resolución positiva do conflito. **Tamén se desenvolve educación en valores e HHSS.**

Responsables e recursos: os **titore/as** recibirán información sobre os obradoiros, pero son monitoras da ACPP as que levan o peso da dramatización. Continúase na clase co debate.

Temporalización: ao longo do primeiro trimestre.

Espazo físico: a propia aula, salón de actos.

12ª ACTIVIDADE: VISIBILIZACIÓN DA DIVERSIDADE INTERCULTURAL

Destinatarios: toda a comunidade educativa

Responsables: coordinado por orientación, co participación dos titores/as e docentes colaboradores trátase de visibilizar a diversidade no centro mediante actividades que permitan coñecer máis sobre alumnado e os seus intereses e orixes. Paneis explicativos sobre pais de orixe, costumes, gastronomía, artes, curiosidades, fitos deportivos, sociais... exposicións sobre literatura, fitos históricos, reproducións de obras artísticas, fotografías...

Con esta actividade levarase a desenvolver educación en valores, a empatía cara os demais e as competencias básicas.

Responsables e recursos: os títore/as, docentes colaboradores e alumnado, os recursos facilitaraos o propio centro e algúns será elaborados polo alumnado

Temporalización: coincidindo con algunha efeméride (16 de maio Día Internacional da Convivencia en Paz, 21 de maio Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento, 20 de eicembro Día Internacional da Solidariedade Humana)

Espazo físico: a propia aula, salón de actos, vestíbulo da igualdade, cafetería do centro, zona de exposicións do edificio A.

SECUENCIACIÓN DAS ACTIVIDADES		
1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
-Xornada de acollida para os alumnos de 1º ESO. -Xornada de convivencia para alumnado de 1º ESO. -Obradoiros na ESO	-Obradoiros na ESO	-Xornada de Portas Abertas para o novo alumnado de 6º de Primaria. -Obradoiros na ESO
<p>Dinamización e funcionamento da asamblea de delegados de aula. Cine-fórum Teatro-fórum</p> <p>Dinamización e funcionamento dos equipos docentes por ciclos. -Dinamización do buzón da convivencia. -Club de lectura. - Mellora do ambiente físico do centro. - Funcionamento do Consello de Aula.</p>		

3.1.2.-Actuacións para garantir a participación da comunidade educativa

-Formación para mellorar da convivencia

Pendente de organización unha vez finalizado o plan de convivencia (pode ser a través de cursos formativos..), tamén depende das necesidades que xurdan. **A Xunta de Galicia inclúe nos programas de formación de profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero. Inclúese nos anexos o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos da Galicia 2016-2020.**

-Resolución pacífica de conflitos: ver anexo de mediación

3.1.3.-Actuacións dirixidas a previr condutas contrarias ás normas de convivencia

-Difusión das normas (mediante web do centro, titoría, reunión coas familias...)

-Accións de sensibilización (mediante titoría, efemérides, colaboración con entidades externas...)

-Protocolos de detección temperá (ver punto 4).

3.2.- PROGRAMAS:

3.2.1-Programa de Tutoría entre iguais(T.E.I) para fomentar a convivencia escolar e previr o acoso no centro.

O programa de **Tutoría entre Iguais** é unha estratexia educativa para fomentar a convivencia escolar e previr o acoso no centro.

No IES Laxeiro traballarase a Tutoría entre Iguais nos cursos 3º e 1º ESO, sendo o alumnado de 3º **titor/a** voluntariamente do alumnado de 1º ESO. Trátase de que o alumno de 1º se sinta acollido e protexido desde que chega ao centro por un igual no que debe confiar e ao que seguramente lle contará os seus problemas e inquiredanzas. Deste xeito, unha posible situación de acoso aflorará moito antes e poderase evitar que se prolongue no tempo e cause no alumnado danos irreparables.

Unha vez que o alumnado de 1º de ESO chega ao centro, empezamos a poñer en marcha o TEI, seguindo estes pasos:

1º Formación do profesorado titor.

2º Información aos pais e ao alumnado de 1º e 3º ESO.

3º Apuntarse voluntariamente como titor/a ou como colaborador o alumnado de 3º ESO.

4º Formación do alumnado titor e colaborador.

5º Valoración de necesidades do alumnado de 1º ESO e das competencias do alumnado de 3º ESO.

6º.- Nomeamento oficial de titores/as e colaboradores.

7º Asignación das parellas (ou equipos de 3) de titor/a e titorizado/a.

8º Presentación das parellas e equipos.

9º Realización ao longo dos 3 trimestres e na hora de tutoría de actividades de tutoría (3 por trimestre en cada grupo). Tamén, en días sinalados haberá actividades de cohesión (conxuntas de titores e titorizados) e ao final de cada trimestre unha actividade de avaliación da marcha do TEI. **Empréganse curtos de animación, actividades de coñecemento, cohesión grupal...**

10ª Pasarase un cuestionario de avaliación da aplicación do programa TEI ao profesorado e alumnado implicado.

A duración do proceso é dun curso.

(No **Anexo K** detállase toda a información).

3.2.2-Programa de Mediación escolar para a resolución de conflitos.

É unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas. O centro poderá utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa. (**Ver anexo L**)

As directrices para a creación dos equipos de mediación, as características do seu funcionamento e as pautas de actuación que se seguirán para derivar un caso de conflito cara á mediación, van incluídas este plan de convivencia (aprobación previa de CCP, claustro e Consello Escolar).

4.-PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO. (Ver anexo Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento de acoso escolar e ciberacoso de maio 2014)

A sección 7ª do **NOFC** recolle o referido a este apartado, partindo do sinalado no capítulo III da Lei 4/2011.

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo entre o alumnado, ben sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través dos medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Ademáis do protocolo elaborado pola Xunta, o plan de convivencia inclúe estas previsións (art. 30 da Lei 4/2011):

- Realización de campañas de sensibilización do profesorado, familias e alumnado contra o acoso escolar, para axudar na súa prevención, detección e tratamento.

- Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situación de acoso escolar.

-Determinación das medidas a adoptar no caso detección de acoso, incluíndo a designación por parte da dirección, dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do centro (valorando que garde relación de confianza ou proximidade coa vítima).

-Favorecer a mediación, se é posible e valorando a gravidade da situación. Inclúir tamén, se é factible, compromisos de convivencia, conciliación...

-Colaborar coas entidades externas nas campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura da paz e previr o acoso escolar.

-Actividades para formación de persoal responsable da atención e apoio á presunta vítima de acoso escolar e da persoa responsable da tramitación.

4.1.-Estratexias para a prevención do acoso escolar

Unha vez coñecidas as necesidades do centro e co diagnóstico da convivencia realizado, establecemos as estratexias a desenvolver para a prevención do acoso. Teremos en conta que as medidas preventivas deben:

1. Fomentar o desenvolvemento social do alumnado e o avance da institución escolar no seu conxunto.
2. Ir incluídas nos documentos internos do centro que correspondan.
3. Levarse a cabo de xeito coordinado polos equipos docentes, co liderado do equipo directivo e o apoio do departamento de orientación.
4. Transmitirse a todos os sectores da comunidade educativa.

a) Estratexias organizativas e de prevención que contribúan á mellora do clima no centro.

Entre as posible propostas:

- ✓ Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- ✓ Potenciar o funcionamento da Comisión da convivencia do centro.
- ✓ Estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas (liderado).

- ✓ Solicitar o apoio e o asesoramento do dpto. de orientación ante indicios ou situación que poidan derivar en posible acoso.
- ✓ Fomentar as reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar acción conxuntas para a mellora da convivencia no centro.
- ✓ Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores tutoriais.
- ✓ Impulso e actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución positiva de conflitos.
- ✓ Valorar a creación de comisións de investigación sobre problemáticas relacionadas con situacións de violencia escolar, compostas por alumnado e profesorado.
- ✓ Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das normas de convivencia e funcionamento (titorías, web do centro...)
- ✓ Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- ✓ Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.
- ✓ Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- ✓ Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia social e cidadá.
- ✓ Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.
- ✓ Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
- ✓ Protocolos de información ante unha situación de acoso.
- ✓ Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións; taboleiro de denuncias e queixas vía telemática, correo electrónico de referencia para solicitude de axuda...
- ✓ Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...

- ✓ Mellorar as zonas de ocio, organizar grupos de xogo e ocio alternativo ao uso de TICs...
- ✓ Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- ✓ Creación das condicións favorables para a inserción de programas de mellora da convivencia: programas específicos de resolución de conflitos, programas de mediación en conflitos e axuda entre iguais...
- ✓ Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa, orientados á construción dunha convivencia positiva.
- ✓ Elaboración de orientacións e establecemento de programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos.

b) Estratexias de prevención na aula

Entre as posible propostas:

- ✓ Inclusión no plan de acción tutorial da elaboración de normas de convivencia en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento a todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.
- ✓ Realizar actividades de tutoría programadas no grupo referidas a: relacións no grupo, fomento da amizade, tarefas colaborativas, sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do *chivato*, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...), conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescentes, análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.
- ✓ Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconecemento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos:
 - Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto.
 - Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración.

- Desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións.

- Formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo...

- Facilitarlle ao alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.

✓ Utilizar sesións de tutoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.

✓ Manter a través da acción tutorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.

✓ Seguimento do clima relacional da aula. Aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos.

✓ Concienciación do maior número de membros da comunidade escolar respecto de dous aspectos:

- Conseguir a comprensión o máis obxectiva posible do fenómeno de acoso escolar, empregando regularmente elementos de medición que permitan previr posibles situacións deste.

- Crear unha conciencia colectiva das normas mínimas de convivencia que todo membro desa comunidade ten que cumprir.

5.-CONCRECIÓN DAS PERSOAS OU ÓRGANOS RESPONSABLES, DESTINATARIOS E PROCEDEMENTOS A SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN

A persoa responsable da dirección do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel dirixirá todas as actuacións. Para favorecer o reparto de responsabilidades e a coordinación na acción, propónse adoptar diferentes fases:

Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.

Consiste en analizar as características específicas de cada caso dispoñendo da información máis completa posible: antecedentes, persoas implicadas, frecuencia e gravidade dos feitos, idade, tipo de maltrato, actitude das familias...

a) Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna ten a obrigaón de poñelo en coñecemento da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle trasladará a información ao director ou directora. É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación, que neste caso se rexistrará no anexo I do protocolo xeral. Esta primeira comunicación da situación poderá facerse de diferente forma:

- **Alumnado:** caixa de reclamacións, queixas e suxestións do centro (RQS), titoría, comunicación verbal a un adulto.
- **Familia:** caixa de reclamacións, queixas e suxestións do centro (RQS), atención de titoría a pais/nais, comunicación verbal ao profesorado do centro ou á persoa responsable da dirección.
- **Profesorado:** comunicación á persoa titora dos alumnado implicados e/ou á persoa responsable da dirección.
- **Persoal de administración e servizos:** comunicación ao titor do alumnado implicado e/ou á persoa responsable da dirección.
- **Persoas alleas ao centro:** comunicación directamente á persoa responsable da dirección.

b) Medidas urxentes de protección á presunta vítima

A persoa responsable da dirección do centro establecerá as medidas urxentes oportunas de protección á presunta vítima, primando sempre o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración.

Entre estas medidas urxentes poderán adoptarse as seguintes:

- Vixilancia específica das persoas indicadas.

- Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
- Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causantes da posible situación de acoso.
- Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima coa que teña relación de confianza e proximidade; e que recibirá a información pertinente (anexo II do protocolo).

c) Comunicación ás familias do alumnado implicado

A persoa responsable da dirección do centro, e coa debida cautela, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado implicado, para o que empregará a vía de comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias.

As familias deben ser informadas da situación e dos feitos ocorridos e, de ser o caso, das medidas iniciais que se están adoptando provisionalmente para minimizar os feitos e evitar unha nova situación. Tamén se lle comunicará a posibilidade de requirir novamente a súa colaboración para recadar información que contribúa a esclarecer os feitos (anexos III e IV do protocolo).

d) Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación

A dirección do centro designará, de entre o profesorado do centro, unha persoa responsable da tramitación do Protocolo, que será a encargada de comunicarse con todos os suxeitos implicados, de recadar a información necesaria e comunicarlle nunha reunión, da que se redactará a acta, á dirección do centro para adoptar as medidas oportunas e, de ser o caso, será tamén a persoa responsable da tramitación do correspondente expediente disciplinario se definitivamente se conclúe en que se trata dun caso de acoso escolar (anexo V).

O seu nomeamento debe ser coñecido polo profesorado titor do alumnado implicado, de forma que se facilite a colaboración entre estes e a comunicación de calquera incidencia relevante que puidese acaecer con respecto á situación denunciada.

e) Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos

Se se considera necesario e oportuno, a persoa responsable da dirección do centro poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...) (anexo VI).

Segunda fase. Recollida de información. Rexistro

Busca recadar, de forma discreta, por escrito e mediante diversas fontes e procedementos, os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar. Isto inclúe: observación directa e vixilancia das zonas de risco para seleccionar datos sobre as características da interacción do alumnado, agresións existentes e situacións nas que se producen...; entrevistas individuais con citas previas ao alumno ou alumna acosado/a, alumnado acosador, familia do alumno/a e familia do alumnado acosador, titor/a e profesorado de aula, compañeiras ou compañeiros e, se é preciso, persoas relacionadas co centro (coidadores, monitores de actividades extraescolares, dpto. orientación...), persoas dependentes doutras institucións (Policía, Garda Civil, Servizos Sociais, Axencia Española de Protección de Datos...). Os anexos VII a XIV recollen a documentación básica para esta fase.

Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas

a) Análise da información

Contrastarase a información recollida, na fase anterior, de varias fontes. Trátase de atopar coincidencias e diverxencias entre os datos obtidos. Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, deberá ser comunicada polo responsable da tramitación á dirección do centro (anexo XV), quen precisará se a situación detectada é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará as medidas que cómpre adoptar dacordo ao **NOFC** e a lexislación vixente en materia de convivencia.

As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser corrixidas sen a previa instrucción dun expediente disciplinario. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:

- Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.
- Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.
- Ao profesorado titor do alumnado implicado.

Cando as situacións conflitivas transcendan dos recursos e competencias do sistema educativo ou cando os órganos responsables do centro sintan que non poden abordar o problema, poderá solicitarse axuda externa e poñelo en coñecemento dos servizos competentes (Policía Nacional, Garda Civil, Fiscalía de Menores, servizos sociais...), aspecto este último que será de obrigado cumprimento nos casos de especial gravidade e aqueloutros recollidos na lexislación establecida para o efecto.

b) Adopción de medidas

Con independencia de que proceda ou non a instrución dun expediente disciplinario, unha vez analizada a información, a persoa responsable da tramitación elaborará unha proposta de medidas que haberá que poñer en marcha no centro, nas aulas afectadas e co alumnado implicado e coas súas familias. Esta proposta recollerase por escrito e indicaranse as medidas, os axentes implicados, os recursos utilizados, a temporización e o seu seguimento e avaliación (anexo XVI do protocolo).

A persoa responsable da dirección do centro ditaminará as medidas definitivas que hai que adoptar, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do Departamento de Orientación e da Comisión de convivencia do centro.

Estas medidas deberán ter un carácter educativo, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

As medidas serán:

1.-**De protección á vítima:** incluído aspectos como

- Vixilancia específica das persoas implicadas (acosada e acosadora/s).
- Solicitude de colaboración familiar para o control e seguimento dos fillos/as.

- Asignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima” á que a vítima poida acudir cando o necesite.
- Reorganización do horario de profesorado para unha mellor atención do alumno/a afectado.
- Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación.
- Tutoría individualizada (da persoa ou persoas acosadora/s e da vítima) e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconcepto e da autoestima, mindfulness...).
- Actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...
- Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar a vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saídas, corredores...).
- De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas acosadora/s, logo do oportuno expediente disciplinario.
- Apertura de expediente disciplinario á persoa ou persoas agresora/s (no caso de que se confirme o acoso).
- Derivar a servizos de profesionais especializados externos as persoas implicadas, se procede, para abordar tratamentos específicos que poidan reforzar o labor efectuado no centro.
- Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito puidese ser constitutivo de delito ou falta penal.

2.-Reeducadoras para agresor/es: entre as que podemos incluír:

- Elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais.
- Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.

- Formación de equipos de mediadores.
- Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
- Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro. Os agresores poden coñecer as emocións que sente a vítima, amosan empatía cognitiva; pero non son capaces de compadecerse, non amosan empatía emocional (sentir cos demais).
- Programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión...
- Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
- Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.

3.-Correctoras para o agresor/a: requirirase da tramitación do oportuno expediente disciplinario conforme o regulado no artigo 25 da Lei 4/2011, e serán de aplicación, de ser o caso, as medidas correctoras correspondentes establecidas na devandita norma e na normativa que a desenvolva (ver anexos XVII e XVIII do protocolo).

Entre as medidas está recollidas:

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Cambio de centro.

4.- Co grupo-clase e co alumnado espectador/observador:

- Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros/as, programas de HHSS, de comunicación e empatía...
- Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón.
- Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
- Analizar as consecuencias dos comportamentos.
- Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións de maltrato.

5.-Coas familias

- Contribuír ao crecemento persoal dos fillos/as a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
- Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas/os.
- Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos fillos/as.
- Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos fillos/as un desenvolvemento harmónico da personalidade.
- Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...

- Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os fillos/as (establecer compromisos).

6.-Co equipo docente:

- Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.
- Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro.
- Acordar e unificar criterios de actuación. Creación dun código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.
- Apoiar e facilitar o labor do profesorado titor.
- Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.
- Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (**alumnado** axudante ou mediador).

Cuarta fase. Seguimento das medidas adoptadas

Este seguimento levarase a cabo coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo.

A este efecto, débense programar encontros periódicos, especialmente coa vítima, para comprobar se a actuación foi eficaz: xa non hai maltrato, mellorou a situación da vítima e a persoa ou persoas agresora/s modificaron a súa actitude e condutas.

A dirección debe responsabilizarse de que se leven a cabo as medidas previstas e informará á Inspección Educativa do seu grao de cumprimento, segundo a temporalización prevista (anexos XIX e XX do protocolo).

6.-NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO E PROTOCOLO DE DETECCIÓN

Teñen como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar. Concretan os dereitos e deberes do alumnado, establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento, de acordo co previsto na Lei 4/2011 e no D. 8/2015 (art. 19).

6.1.-Normas xerais (art. 153 do NOFC do centro)

- 1.^a Todos os membros da comunidade educativa deben cumprir puntualmente o horario que teñen asignado. Así o esixen o respecto aos demais, a boa organización do centro e a continuidade das tarefas escolares.
- 2.^a A puntualidade do alumnado na entrada e saída das clases e o seu comportamento correcto nos corredores e dependencias do centro, nos momentos previos á actividade académica, conseguirase, en boa medida, coa puntualidade por parte do profesorado, cunha adecuada actuación dos profesores de garda.
- 3.^a Os alumnos/as esperarán o/a seu profesor/a durante un tempo mínimo de 5 minutos, a partires dese momento, o delegado avisará da circunstancia en conserxería, quen o notificará ao profesor/a de garda ou a Xefatura de Estudos.
- 4.^a Na primeira hora de cada quenda, poderíase considerar retraso á partires de 5 minutos, quedando constancia de este feito no programa SIXA e nas anotacións do profesor correspondente. Éste dará conta dos retrasos reiterados ao titor, que se o estima oportuno, poñerá en coñecemento dos pais.

6.2.-Relacións persoais (Art. 154 do NOFC)

- Estarán baseadas no respecto a se mesmo e aos demais, na tolerancia, a sinceridade, a honradez, a honestidade persoal e a responsabilidade.
- Respectarase a integridade física e moral dos demais absténdose de enfrontamentos, insultos, burlas, furtos, pintadas ofensivas, humillacións, bromas de mal gusto e novatadas e demais actos que atenten contra dita integridade física e moral (terase en conta tamén o uso das TIC coma ferramenta de transmisión de

condutas inaxeitadas). No caso de posible acoso escolar a un alumno/a, tomaranse as oportunas medidas seguindo o protocolo xeral establecido pola Consellería.

- Coidarase o vocabulario nas conversas, utilizando unha linguaxe axeitada evitando palabras que firan, agresivas ou inapropiadas á situación ou á debida relación entre persoas.
- Propiciarase o sentido do traballo, de responsabilidade e as boas prácticas educativas e interpersoais na comunidade, procurando un trato respectuoso e digno (chamar á porta antes de entrar, saudar, dar grazas, pedir as cousas por favor...).
- Garantirase que a vestimenta ou o xeito de presentarse do alumnado non supoña discriminación por razón de sexo, nin risco de saúde e integridade persoal e non impida ou dificulte a normal participación do alumnado nas actividades docentes.
- Fomentarase tanto o dereito do docente a dar de forma apropiada a súa clase (o alumnado respectará as explicacións do docente) coma o dereito do alumnado de poder traballar e estudar sen impedimentos.

6.3.-Detección (Artigo 156 do NOFC)

O profesorado, dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades extraescolares, está facultado para requirir do alumnado calquera obxecto, substancia ou produto que estea prohibido no centro, resulte perigoso ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes.

O alumnado está obrigado á súa entrega inmediata, para o seu depósito na Dirección do centro, quedando ao dispor dos pais/nais ou do alumnado maior de idade unha vez terminada a actividade a realizar, sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

7.-CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIONS

Son condutas contrarias ás normas de convivencia do centro as que incumpran (art. 155 do **NOFC**):

- a) O disposto no R.D. 732/1995, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros e pola Orde de 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito do

alumnado de ESO e Bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme á criterios obxectivos

- b) As normas de organización e funcionamento de centro, e que pola súa entidade, no cheguen a ter a consideración de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.

7.1.-Condutas leves (art. 16 de Lei 4/2011 de 30 de xuño)

Cando se pretenden modificar actitudes e condutas, resulta fundamental dispoñer de estratexias preventivas. Unha vez producidas as condutas contrarias ás Normas de Convivencia do centro, a única saída, que non solución, é aplicar unhas normas correctoras que permitan manter unha certa disciplina, aínda que esas condutas seguramente non se solucionen con estas medidas, dado que soen ser o síntoma de problemáticas moito máis profundas que sobrepasan o mero feito escolar: familias desestruturadas, rexeitamento social, marxinación, problemáticas individuais, etc. Con todo, as seguintes condutas serán consideradas faltas leves e terán a correspondente sanción acorde co R.D. 732/1995, polo que se establecen os Dereitos e Deberes do alumnado e no art. 42 do D. 8/2015:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.

c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais co condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente. Está recollidas no Artigo 157 do **NOFC**.

1.-Actitude pasiva ante as actividades de aula orientadas ao desenvolvemento do Plan de Estudos ou a desatención reiterada ás indicacións ou correccións feitas polo profesorado nas actividades lectivas.

2.-Calquera acto inxustifico que, sen revestir carácter grave, altere o normal funcionamento das actividades escolares, complementarias ou extraescolares organizadas polo centro.

3.-Non mostrar o debido respecto e consideración a calquera membro da comunidade educativa.

4.-Comportamento inadecuado durante a xornada escolar, dentro do recinto escolar ou nas inmediacións do mesmo.

5.-Actos inxustificos non graves que dificulten ou impidan o dereito ao estudo dos seus compañeiros.

6.-Os actos de indisciplina, discriminación ou ofensa contra outros membros da comunidade, que pola súa gravidade non merezan ser incluídos nas condutas gravemente contrarias ás normas de convivencia.

7.-Causar danos leves polo uso inadecuado do material e instalación do Instituto ou dos bens doutros membros da comunidade educativa.

8.-A utilización inadecuada e perturbadora de teléfonos móbiles ou aparellos electrónicos no recinto escolar.

9.-A posesión ou exhibición de utensilios perigosos.

10.-Os actos non graves contra as elementais normas de hixiene e limpeza tanto persoal como das instalacións do centro.

11.-A permanencia na aula ou nos corredores durante o tempo de lecer sen autorización do profesorado.

12.-Estar na cafetería fóra do tempo de lecer.

13.-O incumprimento das sancións impostas por falta leve.

14.-A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

15.-As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

7.2.-Condutas gravemente perxudiciais

As condutas gravemente perxudiciais para a convivencia no centro (art. 158 do **NOFC**) están recollidas no artigo 52 do R.D. 732/1.995 e no art. 15 da Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa e teñen tal consideración as seguintes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidade físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos colectivos de desafío á autoridade do profesorado que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte ao establecido no capítulo III da Lei de Convivencia.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación ás mesmas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o apartado terceiro do artigo 11 da Lei de Convivencia cando se é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) A saída do centro educativo sen a autorización correspondente, do alumnado menor de 18 anos.
- m) O incumprimento das sancións impostas.

7.3.- Correccións

As correccións terán un carácter educativo e recuperador. Para decidir sobre a imposición dunha sanción teranse en conta as circunstancias persoais, familiares e sociais do/a alumno/a. Na corrección das condutas aplicaranse os seguintes principios (art. 159 do **NOFC**):

- a) Ningún alumno/a poderá ser privado do exercicio do seu dereito a educación, ou no seu caso, do seu dereito á escolaridade. *(Non se considerará como privación a imposición das correccións previstas no caso de suspensión de asistencia á clases ou cambio de centro)*
- b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- c) Tentarase que a corrección contribúa á mellora do seu proceso educativo.

d) Terase en conta a idade do alumnado e as circunstancias persoais, familiares e sociais.

Ademais para a gradación das correccións apreciaranse as **circunstancias atenuantes ou agravantes** que concorran no incumprimento (art. 160 do **NOFC**):

1) Consideraranse circunstancias atenuantes:

- 1.^a recoñecemento espontáneo.
- 2.^a A ausencia de intencionalidade.
- 3.^a A reparación espontánea do dano causado.
- 4.^a A presentación de escusas pola conduta incorrecta.
- 5.^a Non haber incumprido as normas de convivencia anteriormente.

2) Consideraranse circunstancias agravantes

- 1.^a A premeditación e a reiteración
- 2.^a A falta de respecto ao profesorado, ao persoal non docente e aos demais membros da comunidade educativa no exercicio das súas funcións.
- 3.^a Causar dano, inxuria ou ofensa a compañeiros de menor idade.
- 4.^a As condutas que atenten contra o dereito a non ser discriminado por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como padecer discapacidade física, sensorial ou psíquica, ou por calquera outra condición persoal ou circunstancia social.
- 5.^a Os actos realizados de forma colectiva que atenten contra os dereitos dos demais membros da comunidade educativa.
- 6.^a emprego da violencia
- 7.^a A publicidade das condutas contrarias ás normas de convivencia
- 8.^a A incitación a calquera dos actos contemplados nos apartados anteriores.

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas **medidas correctoras** que se enumeran a continuación (art 43 do D. 8/2015):

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.

- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo

Responsabilidades e reparación de danos (art. 161 do NOFC)

- 1.^a O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais do centro e a outros membros da comunidade ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. A restituír o subtraído ou, de non ser posible, indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou os titores serán responsables civís nos termos previstos na lexislación vixente.
- 2.^a As agresións físicas ou morais deberán ser reparadas mediante presentación de excusas ou recoñecemento de responsabilidade, ben en público ou privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e segundo determine a resolución que se impoña.

Medidas complementarias ás medidas correctoras:

- a) Desenvolvemento por parte do Departamento de Orientación dun programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que reiteradamente incorra en

condutas disruptivas. Contarán coa colaboración do profesorado titor e , de ser o caso, cos servizos sociais.

- b) Crearase, como medida extraordinaria, e sempre co apoio maioritario do Claustro, aulas de convivencia inclusiva, non estable e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible. *(de acordo o artigo 19.3 da Lei 4/2011 do 30 de xuño e coa instrución 5ª B-2 da Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación , Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria)*
- c) Potenciarase o procedemento da mediación para a resolución de conflitos de convivencia, que suspenderá o inicio do procedemento disciplinario que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. *(artigo 20º da Lei 4/2011 do 30 de xuño).*

7.3.1 De condutas contrarias ás normas

As condutas contrarias ás normas de convivencia do centro poderán ser corrixidas con (art. 162 do **NOFC**):

- a. Amoestación verbal por parte do docente.
- b. Amoestación por escrito por parte do docente. Rexistro da falta de conduta no SIXA. Ás tres faltas de conduta leve, Xefatura de Estudos abrirá un parte de conduta grave que conlevará a notificación inmediata ás familias.

A reiteración de tres amoestacións escritas, partes de conduta, realizadas, polo menos, por dous profesores/as distintos/as, poderá implicar, dependendo das circunstancias atenuantes, as correccións sinaladas nos apartados h – i.

- c. Comparecencia inmediata ante o Xefe de Estudos: oído o alumno, se dará conta por escrito, ao titor e ao xefe de estudos mediante unha AMOESTACIÓN escrita, firmada por o PROFESOR e sempre que sexa posible se chamará aos pais, para que tomen as medidas que crean oportunas, e informarlles das circunstancias nas que se produciu a falta.
- d. Realización de traballos específicos, relacionados coa falta cometida, en horario lectivo ou non lectivo.

- e. Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou , se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- f. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.
- g. Cambio de grupo do alumno/a por un prazo máximo dunha semana.
- h. Suspensión do dereito de asistencia á determinadas clases por un prazo máximo de tres días. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- i. Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

7.3.2.-De condutas gravemente perxudiciais

En canto as condutas gravemente perxudiciais para a convivencia no centro poderán corrixirse coas seguintes medidas (art. 165 do **NOFC**) e do ar. 39 do D. 8/2015:

- a) Realización de tarefas, dentro ou fóra do horario lectivo, que poderán contribuír ao mellor desenrolo das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar os danos causados.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo do alumno/a.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas líneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

Co fin de non interromper o proceso educativo, cando se apliquen as medidas previstas nas letras b), d) y e) do apartado anterior, durante o tempo que dure a suspensión ,o/a alumno/a realizará as tarefas e actividades de aprendizaxe que determinen os seus profesores/as, que farán un seguimento periódico das mesmas. O órgano competente para decidir la aplicación de ditas medidas valorará o contexto social e familiar do/a alumno/a e, cando resulte aconsellable, poderá determinar que ditas tarefas e actividades se realicen no centro escolar, fixando a periodicidade que a tal fin se estime axeitada, tendo en conta, en todo caso, os recursos e posibilidades organizativas do centro.

Dado o carácter educativo que deben ter todas as medidas correctivas, o posible cambio de centro previsto na letra f) do apartado 1 só poderá adoptarse cando se considere que pode ser beneficioso para o/a alumno/a, por mellorar as súas oportunidades de continuar con aproveitamento o seu proceso formativo. A tal efecto, a Dirección, a través da instrución, na súa resolución motivará de maneira detallada e suficiente a necesidade desta medida.

Igualmente, cando se imponha a corrección prevista na letra f) do apartado 1 a un alumno de ensinanza obrigatoria, a Administración educativa procurarálle un posto escolar noutro centro docente sostido con fondos públicos, con garantía dos servizos complementarios que sexan necesarios, condición sen a cal non se poderá levar a cabo dita medida.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro prescribirán no prazo de catro meses, contados a partires da data na que se produciran e excluídos os períodos non lectivos e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

Nas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro cuxa corrección non poida resolverse mediante o disposto no artigo requirirán a instrución dun expediente (art. 167 do **NOFC**). Recollida a necesaria información, o Director do centro incoará o expediente, ben por iniciativa propia, ben a proposta do Consello Escolar do centro.

O Dereito a reclamar exercitarase seguindo os procedementos establecidos na lexislación vixente. Na Secretaría do IES Laxeiro estarán, a disposición de alumnado e pais, todo tipo de modelos de reclamacións e recursos para facilitar que poidan exercer ese dereito (art. 172 do **NOFC**).

7.3.3.- Persoal competente

Responsables da aplicación das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 do decreto 8/2015.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 do decreto 8/2015.

c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 do decreto 8/2015.

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

Responsables da aplicación das medidas correctoras de condutas gravemente perxudiciais para a convivencia do centro (art. 46 a 54 do D. 8/2015):

Neste caso requírese a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común. Será a dirección a responsable de decidir a instrución e procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información. Tamén informará o profesorado titor/a da alumna/o corrixida/o e ao consello escolar.

Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

7.3.4.-Recursos

Contra as correccións impostas, os alumnos ou os pais ou titores legais poderán recorrer por escrito nun prazo de sete días, do seguinte xeito (art. 173 do **NOFC**):

A. Ante a Dirección , cando se trate de condutas contrarias ás normas de convivencia do centro. A Dirección intervirá no conflito e resolverá.

B. Ante o Consello Escolar:

-En condutas contrarias ás normas de convivencia contra a resolución da Dirección.

-Contra correccións impostas pola Dirección por unha conduta contraria á convivencia.

-Contra propostas de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

C. Ante a Xefatura Territorial:

-O alumno, ou os seus pais, poderán presentar reclamación ante o Xefe territorial, no prazo de 48 horas, contra a suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou de asistencia ó centro por tres días.

-Contra a resolución dun expediente polo Consello Escolar, poderán interpoñer recurso ordinario ante o Xefe do Departamento Territorial, nos termos previstos nos artigos 114 e seguintes da lei 30/1.992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo común.

8.-COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Vela pola correcta aplicación do disposto no decreto 8/2015, no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro. É o órgano de carácter consultivo, constituído no seo do Consello Escolar, que facilita o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e que son:

a) Elixir as persoas representantes da comisión de convivencia, de acordo co establecido no artigo 6.2 deste decreto.

b) Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

c) Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

d) Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

8.1. FUNCIONAMENTO

Exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento deste plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro ou pola administración competente nesta materia.

8.2.-COMPOSICIÓN

Na composición busca integrar o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Está presidida polo Director do Centro que ademáis nomeará ao resto dos integrantes por proposta dos colectivos representados, que son:

- a) representantes do alumnado
- b) representantes do profesorado
- c) representantes das familias
- d) representantes do persoal de administración e servizos
- e) representantes do concello, das áreas de igualdade e servizos sociais

Os membros poden coincidir cos dos consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente. Un dos membros actuará de secretario/a e levantará acta das reunións.

No noso centro constituíuse o 16 de abril de **2015 e renovouse no 2017-18** sendo os seus membros:

-Presidente: Eugenio Grande Sierra

-Secretaria: Ana Gulías Troitiño (**xefa dpto. orientación, coordinadora de equipo de mediación**)

-Representante de profesorado: Luís Gustavo Rodríguez Taboada, Xosé Manuel López Fernández, Xavier Galego Fernández (**coordinador TEI**), Xosé Manuel García García, Sara Castro Quintas, Manuela García Dafonte e Nuria Gómez López.

-Representante de familias: Alberte Payo Negro

-Representante de alumnado: Antía Iglesias Otero

-Representante de persoal de servizos: Guadalupe Pedreira Vilariño

-Representante do concello: Eva Prieto Rodríguez (Servizos Sociais) e M^a Jesús Payo Negro (axente de igualdade).

Acolléndonos aou indicado no artigo 6.5 do D. 8/2015 que indica “*cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou*

doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia”, a dirección do centro cursou á concellaría de benestar e servizos sociais a petición de que M^a Jesús Payo, técnico de igualdade do concello, formase parte da comisión.

8.3.-PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS

Manteranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola presidencia (por iniciativa propia ou proposta de alomenos un tercio dos membros).

8.4.-AULA DE CONVIVENCIA E O SEU PLAN DE ACTUACIÓN

A Aula de Convivencia pretende ser un lugar de reflexión para o/a alumno/a con problemas condutuais que imposibilita ao/á profesor/a continuar coa clase e ao mesmo tempo un lugar de permanencia para aquel alumnado que se sanciona con esta medida, tras ter un comportamento negativo de forma continuada.

8.4.1.-Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia

Segundo os criterios pedagóxicos que para tales efectos poida establecer a comisión de coordinación pedagóxica.

- a. Alumnos ou alumnas que continuamente non traballan nin deixan traballar ós compañeiros na aula.
- b. Alumnado absentista.
- c. Casos de agresión física, moral, psicolóxica (bulling),
- d. Casos de utilización incorrecta, deterioro intencionado e descoido dos bens e instalacións do centro.
- e. Casos de desobediencia ou ameazas ao profesorado ou compañeiros/as da aula

Non poden ser sancionados coa expulsión da aula alumnos/as por faltas de puntualidade, o feito de non traer material ou faltas leves que se poidan solucionar na propia aula.

A vocación da aula de convivencia é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible

Á xefatura de estudos correspóndenlle, en materia de convivencia, organizar a atención educativa do alumnado a que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro (Artigo 8-4.d do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro)

En todo caso, ningún alumno/a pode estar solo/a nos pasillos en horas de clase. O alumno sempre debe estar acompañado , e se hai que tomar algunha determinación sempre debe aplicarse o Regulamento de Centro (Artigos 162 e 165).

8.4.2-Funcionamento da Aula de Convivencia

1ª Función : Alumno que non permite dar a clase

A Aula de Convivencia debe colaborar e axudar ao profesorado na consecución dun bo clima de traballo nas aulas, por tanto atenderá aos alumnos que por problemas condutuais non poden permanecer na aula e son expulsados dela. Pretendemos que o procedemento sexa simple e eficaz, aforre esforzo e tempo a profesores e titores e reduza os trámites burocráticos ao mínimo. Será como segue:

1º O profesor que envía ao alumno á Aula de Convivencia cumprimentará o [Parte de Incidencias](#) autocopiativo, onde se detalla o sucedido.

2º O profesor de garda na Aula entregará unha [Ficha de Auto-observación](#), que ol alumno deberá encher, axudarlle a reflexionar sobre o sucedido e a continuación cumprimentará o documento que denominamos [Compromiso I](#).

3º O profesor chamará aos pais ou titores do alumno e comunicarlles a situación. A continuación indicará no parte se puido ou non localizar aos pais.

4º Se o alumno se negara a colaborar enviarase á Xefatura de Estudos.

5º Se o alumno acude por segunda vez á aula de convivencia, repetirase o proceso pero firmará o [Compromiso II](#). Neste caso ademais Xefatura de Estudos imporá algunha sanción específica que farase constar no parte. Tamén neste caso informarase inmediatamente aos pais.

6º Entregarase ao alumno a copia do parte de incidencias para que o traia firmado polos seus pais á maior brevidade posible. A copia porase no casilleiro do titor do alumno.

Toda a documentación xerada neste proceso gardarase na **Carpeta Diaria**, para que os/as responsables da aula de convivencia poidan arquivalo debidamente.

2ª Función. Alumno que permanece na aula sancionado.

A Aula de Convivencia é un lugar de reflexión para aqueles alumnos que temporalmente deben ser separados do seu grupo debido ao seu comportamento disruptivo, agresivo, conflitivo ou de calquera outra índole e para os que a expulsión ás súas casas non aportaría ningún tipo de beneficio en cuanto a un cambio de conduta e que incluso podería ser percibido por eles como unhas “vacacións”. Por tanto a Aula recibirá aos alumnos sancionados con varios días de expulsión. Durante a súa estancia os alumnos traballarán nas materias do currículo que lle corresponda segundo o seu horario, atendidos por los profesores de garda de Convivencia.

8.4.3.-Procedimento de derivación á aula de convivencia

O procedemento de derivación será o seguinte:

- O Xefe de Estudos, xunto co titor/a dun determinado alumno/a, comprobará se se dan as condicións para que dito alumno/a poida asistir á aula de convivencia.

- Unha vez comprobado que se dan as circunstancias para que o alumno/a asista á Aula de Convivencia, reuniranse o titor/a, a orientadora e, ss se considera necesario, o Equipo Docente para elaborar un informe indicando o motivo polo que se considera necesario que o alumno/a asista á Aula de Convivencia, os obxectivos que se queren alcanzar con esta medida, o número de días á semana de asistencia e as actividades formativas e de reflexión que o alumno/a deberá realizar. (Ver Anexo)

- Desta reunión, informarase aos pais/nais y subscribirase un compromiso de convivencia, sempre que sexa posible. (Ver Anexo)
- Informarase á Comisión de Convivencia da asistencia do alumno/a al Aula de Convivencia, sempre e cando a medida non proveña da propia Comisión. (Ver Anexo)
- Informarase ao profesorado encargado da Aula de Convivencia e facilitaráselle o material, tanto formativo como de reflexión, que deba facer o alumno/a.
- Por último, levarase a cabo un seguimento do alumno/a por parte do titor/a, orientador/a e profesor responsable, nese momento, da Aula de Convivencia. (Ver Anexo)

As condicións que se derivan son as seguintes:

1º Un alumno non pode chegar á Aula de Convivencia se non trae especificadas as tarefas a realizar de todas as asignaturas.

2º Será misión da Xefatura de Estudos recoller estas tarefas entre todo o equipo educativo e misión dos profesores da Aula de Convivencia que as realicen.

3º O/a profesor/a de garda recibirá a relación das tarefas especificadas, evitando así que o alumno poida alegar esquecemento na súa casa, perda,etc...

4º En caso de que a natureza da falta cometida polo alumno así o aconselle ou a suxerencia do seu/súa titor/a, Xefe Estudos, equipo de orientación ou profesores de garda na Aula, ademais das tarefas do currículo, o alumno podería traballar outros materiais específicos relacionados co seu problema condutual (por exemplo no caso dos alumnos sancionados reiteradamente con expulsión).

Para que estes procedementos poidan levarse a cabo na Aula de Convivencia contarase cos seguintes documentos.

- Ficheiro de alumnos ordenado alfabeticamente
- Carpetas de materiais para traballar valores e carpetas de material didáctico dos diferentes departamentos.
- Listas de grupos cos seus titores e os seus equipos educativos,
- Datos de los alumnos: dirección, teléfono, nome dos pais.
- Horarios dos grupos,
- Fotocopias das fichas e documentos a cumprimentar

- Rexistro de control de asistencia do alumnado.

Desde a Aula de Convivencia realizarase un proceso de seguimento aos alumnos que esgotados os dous Compromisos posibles, presente unhas especiais características de mal comportamento. Para iso membros da Comisión de Convivencia falarán periodicamente co/a titor/a, os pais e co propio alumno para recoller información sobre a súa evolución. Se esta información fora negativa, é dicir, se non se observa unha melloría, o profesor encargado citará aos pais para firmar con eles un Compromiso Familiar, polo que os pais comprométense por escrito a que os seus fillos asistan puntualmente a clase, traian o material axeitado de cada área e a colaborar co centro para que o seu fillo/a cambie a súa actitude negativa. Este compromiso terá unhas revisións periódicas, onde a constatarase o seu cumprimento.

8.4.4.-Profesorado que atenderá a aula de convivencia

Anualmente, e dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, farase o listado de docentes que atenderán a aula. Poderá ser profesorado de garda e poderase contar coa colaboración do departamento de orientación. En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

8.4.5.-Programación das actuacións do Dpto de orientación

Esta programación, que se incluírá nun anexo final, procura favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que leve a actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

8.4.6.-Horario, localización, instalacións e material didáctico da aula de convivencia

Pendientes da súa organización e horarios no claustro de inicio de curso.

Local: a actual aula de P-T que queda dispoñible. O material estará situado na propia aula de convivencia.

9.-MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, CON FAMILIAS E OUTROS ORGANISMOS DO ENTORNO

-coas familias

A comunicación farase por vías variadas, e empregando as necesarias (sobre todo no caso de información ou notificacións sensibles e relevantes): telefónicamente, co uso do servizo do SIXA (sms, email), por carta certificada con acuse de recibo...

O equipo directivo, titores e dpto. de orientación estarán disponibles coa flexibilidade suficiente para atender ás familias no centro e en lugares específicos (sala de **familias**, despachos de xefatura, dirección, orientación...).

Asemade contan con representantes no Consello Escolar e na ANPA para facer chegar calquera dúbida, proposta, inquedaanza, necesidade... que teñan. Existe un buzón específico da ANPA e tamén hai taboleiros informativos e a web do IES cun apartado propio.

Para asesorar ás familias sobre o seu papel no proceso de maduración e desenvolvemento dos fillos/as, o dpto. de orientación ten un taboleiro específico adicado á difricursión de documentos sobre a adolescencias, problemas académicos, interpersoais, aducación afectivo-emocional... e como poden as familias contribuir.

Tódolos docentes, titores/as teñen un horario de atención individual para atender ás familias, e na acollida de setembro establécense días concretos para as familias segundo curso educativo, para que coñezan titores/as, centro, recomendacións e normas de convivencia, pautas dos docentes...

O centro ten modelos de informes para comunicación escrita coas familias, pero priorizarase sempre a atención persoalizada.

Asemade as familias reciben información diaria no caso de faltas de puntualidade ou asistencia dos fillos/as, a través dunha aplicación informática.

-con outros organismos do entorno

O centro empregará as canles que se precise (corro ordinario, electrónico, web do centro, teléfonos...) e os protocolos establecidos para a coordinación con outros organismos (caso dos Servizos Sociais do concello), e con outras entidades que colaboran co centro (actividades de titorías, charlas informativas, curso e obradoiros variados...), establecendo a unha persoa do centro como coordinador/responsable da actividade (cursos do plan Proxecta, contratos-programa, convenios para a FCT nos ciclos formativos...). **Existen modelos de informes para comunicación escrita con estas entidades externas (médicos, servizos sociais...).**

-coordinación e colaboración interna

O profesorado está en comunicación e informado a través de órganos colexiados como CCP ou Claustro e Consello escolar, xefatura dos departamentos (coas súas reunións periódicas), empregando as TICs (programa SIXA que permite xerar informes, facer peticións, dar avisos..., web do centro, mensaxería instantánea), do taboleiro de anuncios da sala de profesores e de calquera outro medio que se estime necesario.

10.-ESTRATEGIAS PARA DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Os art. 17 e 18 do D. 8/2015 sinala que o equipo directivo levará a cabo as actuacións precisas para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa e o mesmo ocorre para difundir as normas de convivencia.

Entre as actuacións que se levarán a cabo para que tanto as normas de organización e funcionamento do centro coma o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa, está a súa difusión en:

- Consello escolar.
- Tutorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso e na xornada de acollida.
- Reunións da xunta de delegados e sesión de tutorías co alumnado
- Reunións específicas con representantes das institucións ou organismos públicos ou privados dedicados á cultura no contorno do centro educativo.
- ANPA do centro

En canto aos medios empregados para levar a cabo esta difusión, daremos prioridade ao uso de TICS (web do IES) pero tamén a:

- Reunións informativas e/ou comunicacións escritas (folletos, trípticos) ás familias (a través da sesión inicial de acollida a principio de curso e tamén nas tutorías individualizadas de país/nai).
- sesións de traballo tutorial por curso.
- Exposición nos lugares oportunos do centro: paneis informativos, carteis...

- Inclusión de novas na revista do centro “A Kcharela”.

A difusión farase:

- Ao inicio do curso: deberase informar da concreción anual do plan de convivencia para o curso e dalgún punto importante estable deste (punto de partida, obxectivos e plan que se vai seguir).

- Ao longo do curso: cando se dispoña de nova información, información dos avances, novos acordos...

- Ao final do curso: resumo do elaborado, implicacións, propostas de mellora, compromisos e plan para o seguinte curso.

- Todos aqueles momentos, formais e informais, da vida cotiá do centro nos que o coñecemento do que se está facendo ofrece información relevante para a toma de decisións, proposta de actividades... e para reforzar a implicación das persoas no proceso e impulsar novas incorporacións (titorías, asembleas de grupo, de curso, reunións cos distintos estamentos...).

11.-SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

Este plan é un documento vivo que precisa de revisións e modificacións anuais, coa finalidade de adaptalo aos novos cambios e circunstancias que atinxan ao clima escolar. Deste xeito, as actividades antes descritas, poden ser melloradas, renovadas, revisadas, modificadas, ampliadas... cada ano para ser máis operativas. Esta revisión procurarase facer nos dous primeiros meses do curso académico, despois da reunión de valoración do resultados obtidos no curso anterior.

Como indica o art. 16 do D. 8/2015 cada centro educativo establece os mecanismos e indicadores para o seguimento e a avaliación do plan de convivencia, contanto coa participación de todos os sectores da súa comunidade educativa.

A Comisión de Convivencia do Consello Escolar, realizará o seguimento e avaliación do Plan de Convivencia, analizando o grado de cumprimento e de eficacia do establecido nel, e recibirá e estudará asuxestións e propostas de modificación, ampliación ou revisión que durante o primeiro trimestre de cada curso académico

poderán presentar o Equipo Directivo, o Claustro de Profesores, a Xunta de Delegados, a Directiva da A.N.P.A, e os propios membros da Comisión de Convivencia.

Todas as modificacións serán sometidas á consideración do Claustro e aprobadas polo Consello Escolar.

1. Director del centro fixará un prazo de, a lo menos, un mes, para o seu estudo por todos os membros da Comunidade Educativa e será función
2. No terceiro trimestre, o Consello Escolar aprobará la proposta de modificación que entrará en vigor ao comezo do curso seguinte. Excepcionalmente, por adecuacións á normativa legal, poderase aprobar no primeiro ou segundo trimestre.

A avaliación farase ao final de cada curso académico a través das seguintes canles:

- Opinións da comunidade escolar a través do buzón de convivencia e das suxestións tanto da Xunta de Delegados coma do Claustro e Consello Escolar
- Valoración do éxito das actividades levadas a cabo (participación, grao de satisfacción dos implicados, propostas de actividades novas ou alternativas ás existentes para mellorar o plan...).
- Xuntanzas dos membros da Comisión de Convivencia.
- Enquisas dirixidas a todos os membros da comunidade educativa.
- Informes de Xefatura de Estudos e do Dpto. de Orientación.

CRITERIOS	ASPECTOS A CONSIDERAR
Evolucion do número, tipo e gravidades dos conflitos respecto do curso anterior	1.-Hai informes anuais nos que se recollan os conflitos detectados? 2.-Como se considera a evolución destes conflitos respecto do curso pasado? Atenuáronse, incrementáronse.... e posibles explicacións
Alcance do plan de convivencia	1.-Recolle resolución de conflitos (absentismo, faltas leves, graves..)? 2.-Afecta á organización escolar? (estrutura e xestión de recursos, normas...)
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia	1.-Acadáronse os obxectivos propostos? 2.-Da resposta a aspectos que inciden na convivencia a nivel de aula, centro e contorno?
Renovación do plan	1.-Avaliáse e fanse propostas de mellora? 2.-Hai un procedemento de renovación anual do plan?
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan	1.-Hai un seguimento periódico do plan? 2.-As actividades desenvólvense coa temporalización prevista?

	3.-O desenvolvemento das actividades produciu os efectos esperados?
Implicación dos distintos sectores da comunidade educativa	1.-Cal é o grao de implicación de profesorado na prevención e resolución de conflitos? 2.-Implicouse o alumnado nas actuacións de mediación? Cal foi o grao de colaboración das familias nas actuacións de correccións levadas a cabo no centro?
Comisión de convivencia	1.-Cantas veces se reuniu ao longo do curso? 2.- Temas tratados? 3.-Realizouse o seguimento do plan de convivencia?
Actividades formativas para a mellora da convivencia	1.-Realizáronse actividades dirixidas á mellora da convivencia? Indicar cales 2.-Cal foi a resposta e implicación nas actividades dos distintos sectores da comunidade educativa?
Protocolos de actuación para situación de acoso	1.-Existen? 2.-Son coñecidos polos membros da comunidade? 3.-Empregáronse no centro?.. 4.-A dirección nomea a una persoa responsable da atención á vítima?
Protocolos de funcionamento para: -aula inclusivo -procedemento conciliado	1.-Existen? Cales? 2.-Hai profesorado nomeado especificamente par a organización e atención da aula de convivencia? 3.-Hai e emprégase o programa de HHSS? 4.-Aplicouse o procedemento conciliado?
Valoración global da situación da convivencia escolar no centro	1.-Hai instrumentos para avaliála entre todos os membros? 2.-Resultados da valoración 3.-Propostas de mellora do plan para o vindeiro curso
Outros	

A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a memoria do plan de convivencia do centro (que se incluírá na memoria anual do centro), dacordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia. Aos servizos de Inspección Educativa correspóndelles supervisar a elaboración, o desenvolvemento e a avaliación do plan de convivencia do centro, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.

ANEXOS

a) Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso entre iguais e ciberacoso (maio 2013)

b) Instrucións de 31 de xaneiro de 2014 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa polas que se traslada o Protocolo educativo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia (31 de xaneiro 2014).

- c) as enquisas iniciais de valoración do grao de convivencia no centro**
- d) Organización de gardas**
- e) Modelo de compromiso educativo (Compromiso de convivencia)**
- f) Enquisas de convivencia de familias, profesorado e alumnado**
- g) Valoración dos resultados das enquisas**
- h) Dpto didácticos e aportación de cada un ao plan de convivencia nas súas programacións**
- i) Diagrama**
- k) Programa T.E.I Titoría entre iguais.**
- l) Programa de Mediación IES Laxeiro**
- m) Programa de HHSS**
- n) I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020**